


# “Peneirando”



“Peneirando” O primeiro traballo discográfico de **Renato Spencer e Café**

**CaXaça** é o resultado de cinco anos de convivencia entre Renato e músicos de diversas orixes tanto xeográficas como musicais que residen en Galicia.

Rumba e forró, tamboril e zabumba, muiñeira e afoxé, gaita e cavaquiño mestúranse de forma natural. “**Peneirando**” ritmos e sons fluen temas propios e versións de músicas populares brasileiras e galegas. A participación no “**XV Festival Janeiro de Grandes Espetáculos**” en 2009 na cidade natal de Renato, Recife, foi un grande impulso para a realización deste traballo.



É un son universal con fortes influencias nordestinas e cosmopolitas na súa harmonía. Poesías e letras son propias, pero tamén hai lectura do cancionero popular que recibe roupaxe nova con arranxos transformadores. As cancións teñen un toque de contemporaneidade e improvisacións, paseando do Jazz ao máis popular dos estilos. Con excepcional creatividade e con elementos da cultura popular nordestina, galega e outras influencias, “**Peneirando**” crea un concepto musical coa intención de viaxar e disfrutar a través da música

O grupo liderado por **Renato Spencer** está formado por **Paco Chapela, María Comesaña, Cristian Leggiero, Xoán Leis, Kal Robson**. Contou coa participación de grandes músicos como **Isaac Millán, Juan Comesaña “Viti”, Anxo Pintos, Xico de Cariño, Luís Prego, J. Carlos Comesaña, Guillermo Ignacio, Harry Price, Roi Adrio e Antonio Castillo**.

